

# PROXECTO EDUCATIVO

DATA: 25/05/2021



**CEIP DA LAXE**  
*MARÍN*



**CEIP DA LAXE**  
República Arxentina, 40  
36900 Marín  
TLF: 886151345  
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal  
[www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 25/05/2021

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 25/05/2021

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

## 1. ANÁLISE DO CONTEXTO

### Situación xeográfica

O CEIP da Laxe está situado no concello de Marín, provincia de Pontevedra, na comarca do Morrazo. Dentro do núcleo desta vila, o centro atópase situado nunha área semiurbana. O accidente xeográfico que máis determina a vida do concello é a ría de Marín con toda a actividade que conleva. Próximo ao colexio discorre un regato chamado río Inferniño ou río da Mouta. A poucos quilómetros atopamos os montes de San Xulián, o monte Pituco e o importante espazo natural de Cotorredondo, coa Lagoa de Castiñeiras.

### Aspectos demográficos

A pirámide de poboación de Marín caracterízase por un progresivo envellecemento nos últimos corenta anos debido basicamente ao descenso do índice da natalidade. Con datos INE, en 2015 o tramo de 0-4 anos contaba con 1.007 habitantes e no ano 2020 conta cunha poboación nesta franxa de idade de 805 habitantes. Este centro non é alleo a esta circunstancia e nos últimos anos observase unha tendencia á baixa no número de alumnos matriculados no centro. No últimos anos pasamos de 205 alumnos no cursos 2014/2015 a 115 alumnos no curso 2020/2021. En parte, a baixa natalidade veuse compensada pola inmigración que se deu no primeiro decenio deste século procedente de distintos países pero principalmente de Marrocos.

Maioritariamente a lingua vehicular utilizada entre as familias é o castelán, sendo o galego de uso case inexistente ou minoritario.

Unha vez que rematan a educación primaria desprázanse ao IES Mestre Landín , ao que estamos adscritos ou ao IES Illa de Tambo.

### Actividade socio - económica

O principal motor da vila é o porto, tanto na súa faciana pesqueira como de mercadorías.

A gran maioría dos pais son empregados do sector servizos (71.14%) con cualificación media ou baixa.

Un 16,7 % adicase a actividades propias do sector primario e un 33,4 % a actividades do sector secundario.

Un 27,8 das nais adícase a traballos propios do fogar.

O numero de pais en situación de parado é de 44,4%.

### **Breve historia do centro**

No curso 1971/1972 bota a andar o chamado CN La Lage, no lugar de Veigas da Laxe, moi preto da canteira da Laxe. Acollía alumnos procedente do vello Grupo Escolar (na actualidade Escola de Educación Infantil) e da Escola da Cañota. Nun xornal da época recóllese que os terreos ocupan 7.500 m<sup>2</sup>, o orzamento era de 10.300 pesetas e estaba destinado a acoller 600 a 800 alumnos. No primeiros anos dispuxo de un servizo de cociña e comedor, onde agora están a secretaría e a biblioteca.

O que en principio era un patio de recreo co paso dos anos púxoselle unha cuberta e máis adiante cerrouse para convertelo no actual pavillón da Laxe, ao que se lle engadiron uns vestiarios totalmente equipados cunha reforma no ano 2013.

Aquí naceu o primeiro clube de baloncesto de Marín e que levou o nome do colexio por Galicia adiante durante moitos anos ata finais dos 90: Club Baloncesto A Laxe.

Actualmente, impártense as ensinanzas de educación infantil e primaria.

### **Espazos físicos cos que conta o centro**

As instalación do colexio repártense en un edificio principal, un pavillón deportivo, unha casa da conserxe, as antigas casas dos mestres, dous patios de recreo e áreas adicadas a xardín e hortos escolares. O centro conta con sala de mestres, 21 aulas, secretaría, despachos, aula de material, trece aseos, biblioteca, escenario e radio escolar .

Todas as aulas do centro están dotadas de ordenador, proxector dixital, conexión a Internet e pizarras dixitais interactivas. Dende o curso 2012 o centro participa no Proxecto Abalar – Edixgal.

As aulas específicas das que dispón o centro actualmente son: aula de plástica, aula de informática e robótica, aula de pedagogía terapéutica, aula multisensorial, aula de audición e linguaxe, aula de inglés, aulas de relixións, aula de música, aula de psicomotricidade, aula de material e despacho do departamento de orientación.

O pavillón deportivo é un espazo que utiliza tanto a comunidade educativa como distintas asociacións, clubs deportivos e o concello de Marín.

En canto as antigas vivendas de mestres, unha delas está sendo utilizada como sede da ANPA e Comedor Escolar e outra como espazo multiusos. Sería interesante acondicionar as outras vivendas para outras actividades educativas e non só como almacéns.

## **2. PRINCIPIOS, VALORES, SINAIS DE IDENTIDADE E OBXECTIVOS**

A escola debe estimular a solidariedade, o respecto á diversidade e as aptitudes dialogantes. A escola non debe impor ningunha concepción política nin relixiosa.

A convivencia desenvolverase nun marco de tolerancia e liberdade de cada individuo, a súa personalidade nin conviccións non poderán ser perturbadas por ningún tipo de coacción ou imposición.

O CEIP da Laxe, como institución pública, é un centro educativo aconfesional e ideoloxicamente neutral, aínda que respectuoso con todas as crenzas.

Toda acción educativa terá en conta a igualdade de xénero, sen discriminación posible e superadora de estereotipos, mitos e tabús.

Tratarase de evitar condutas que salienten roles tradicionais de xénero, ofrecendo imaxes diversificadas e seleccionando recursos non sexistas.

### **Os principios que caracterizan o noso centro son:**

- ✓ Ofrecer unha educación personalizada partindo da realidade do alumnado.
- ✓ Axudarlle a que aprendan a pensar, a ser e a compartir.

- ✓ Fomentar o desenvolvemento intelectual.
- ✓ Educar a capacidade de expresión e a creatividade.
- ✓ Incorporación das TICS como ferramenta de aprendizaxe.
- ✓ Adoptar unha metodoloxía que estimule o interese e a participación.
- ✓ Desenvolver a lóxica matemática e o razoamento para solventar problemas da vida cotiá.
- ✓ Respetar as normas de convivencia recollidas nas NOFC.
- ✓ Respecto polo medio ambiente, partindo do coidado do noso corpo e da nosa mente.
- ✓ Agrupar, ao alumnado de educación infantil, en aulas mixtas, favorecendo así, a estimulación dos máis pequenos e a empatía, responsabilidade e autoestima aos maiores a través dun traballo cooperativo.

#### **As nosas sinais de identidade:**

- ✓ Alto grado de implicación do claustro.
- ✓ Reforma dos espazos educativos para lograr un ambiente agradable e de disfrute.
- ✓ Integración STEAM na aula como parte da educación.
- ✓ Impulsar as TIC en 3ºEP e 4ºEP a través do uso de Snappet como ferramenta habitual da aula naquelas materias contempladas como introdución tecnolóxica.
- ✓ Impulsar a biblioteca, fomentando o seu uso e sendo esta o eixe central do centro.
- ✓ Fomentar a importancia da alimentación, somos un centro “azucre cero”, cun calendario de merendas a nivel de centro no que intentamos concienciar ao alumnado e ás familias da importancia dos hábitos saudables.
- ✓ Fomentar a actividade física no alumnado a través da hora de libre configuración en 4ºEP e 6ºEP que será destinada a afondamentos/reforzo da materia de educación física, e unha sesión de psicomotricidade diaria nas aulas de educación infantil, impartidas polo mestre/a especialista en educación física, sempre que o horario o permita.
- ✓ Potenciar os hortos ecolóxicos nos que participa toda a comunidade educativa co fin de coñecer o proceso e valorar os nosos produtos.

- ✓ Promover a Escola de Familias para a participación destas na vida do centro aumente, a través de charlas, cursos...

## OBXECTIVOS

<b>Obxectivo:</b> Fomentar valores que faciliten e melloren a convivencia e a comunicación no centro.				
<b>Acción 1</b>	Posta en común das necesidades e carencias que existan no centro.			
	<b>Temporalización</b>			
	1º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	2º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	3º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	4º ANO <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Implicación do profesorado e das familias e resultados.			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, mestres, familias e comisión de convivencia.			
<b>Recursos e materiais</b>				
<b>Acción 2</b>	Apoiar e valorar ao persoal docente nas súas labores.			
	<b>Temporalización</b>			
	1º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	2º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	3º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	4º ANO <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Implicación do profesorado e das familias e resultados.			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, mestres, familias e comisión de convivencia.			
<b>Recursos e materiais</b>				
<b>Acción 3</b>	Marcar un clima de respecto, aberto a todas as opinións e suxestións.			



	<b>Temporalización</b>			
	<b>1º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>2º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>3º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>4º ANO</b> <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Resultados			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, mestres e familias.			
<b>Recursos e materiais</b>				
<b>Acción 4</b>	Establecer o uso de axenda común para a etapa de educación primaria para mellorar a comunicación.			
	<b>Temporalización</b>			
	<b>1º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>2º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>3º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>4º ANO</b> <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Resultados e implicación.			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, mestres e familias.			
<b>Recursos e materiais</b>				
<b>Acción 5</b>	Fomentar o uso do AbalarMóbil como instrumento de comunicación corporativo.			
	<b>Temporalización</b>			
	<b>1º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>2º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>3º ANO</b> <input type="checkbox"/>	<b>4º ANO</b> <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Resultados.			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, mestres e familias.			





<b>Recursos e materiais</b>	
-----------------------------	--

<b>Obxectivo:</b> Potenciar a motivación e interese do alumnado aos novos aprendizaxes para acadar unha mellora nos resultados.				
<b>Acción 1</b>	Potenciar os aprendizaxes significativos.			
	<b>Temporalización</b>			
	1º ANO <input type="checkbox"/>	2º ANO <input type="checkbox"/>	3º ANO <input type="checkbox"/>	4º ANO <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Resultados acadados			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo e mestres.			
<b>Recursos e materiais</b>				
<b>Acción 2</b>	Levar a cabo unha ensinanza individualizada			
	<b>Temporalización</b>			
	1º ANO <input type="checkbox"/>	2º ANO <input type="checkbox"/>	3º ANO <input type="checkbox"/>	4º ANO <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Implicación do alumnado			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, Departamento de Orientación e Claustro.			
<b>Recursos e materiais</b>				



**Obxectivo:** Propiciar a formación permanente do profesorado e das familias, a través de plans e actividades específicas.

<b>Acción 1</b>	Establecer actividades formativas e informativas a través do CFR e da Escola de familias.			
	<b>Temporalización</b>			
	1º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	2º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	3º ANO <input checked="" type="checkbox"/>	4º ANO <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Implicación do profesorado e das familias.			
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, mestres e familias.			
<b>Recursos e materiais</b>				

### 3. CENTRO

#### 3.1. INSTALACIÓNS

**O centro conta coas seguintes dependencias interiores:**

##### **A. Na planta baixa:**

- Dúas aulas de Educación Infantil
- A aula multisensorial
- A aula de psicomotricidade.
- Oito aulas de Educación Primaria: 1º, 2º, 3ºA, 3ºB, 4º, 5ºA, 5ºB e 6º
- A aula de audición e linguaxe
- A aula de relixión evanxélica.
- A biblioteca

- O cuarto de conserxería.
- O cuarto de limpeza.
- A aula de apoio e reforzo.
- O almacén de material.
- A sala de fotocopiadoras.
- O despacho de dirección.
- O departamento de orientación.
- A secretaría.
- Unha sala de fotocopiadora e material funxible.
- Sete aseos para o alumnado.
- Un aseo accesible.
- Tres aseos para o profesorado.
- A caldeira.
- Catro almacéns.

**B. Nas dúas plantas superiores:**

- a sala de mestres.
- A aula de Pedagogía terapéutica.
- A aula de informática.
- A aula de plástica.
- A aula de relixión católica.
- A aula de lingua inglesa.
- A aula multiusos.
- A aula de música.
- Dous aseos para o alumnado.

**Dependencias exteriores:**

- Diversos patios exteriores
- Dous patios cubertos
- Pavillón
- Vestiarios
- Dous aseos
- O comedor
- As antigas casas de mestres
- Zona aparcamento para o profesorado
- A casa da conserxe.
- Dous hortos escolares.

Para a utilización das instalacións por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación, que resolverá o que proceda, despois de informe da inspección educativa. Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

A utilización puntual das instalacións por parte das asociacións de familias, asociacións de antigo alumnado e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupo de mestres, soamente requiren a solicitude previa á directora do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices establecidas polo consello escolar, se o seu destino é a finalidade propia de ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións dos centros poñeranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia, etc.

Os posibles desperfectos polo uso das instalacións será responsabilidade dos interesados, debendo deixar todo en perfecto estado para o día seguinte.

Haberá unha persoa física ou xuridicamente responsable de cada unha das actividades.

Adecuaranse e limitaranse sempre ao espazo físico no que se imparta.

A entidade organizadora, responsabilizarase dos danos e reparacións que poidan xurdir.

O funcionamento e uso dos espazos está reflectido no punto 7.4. das NOFC.

### **3.2. HORARIO DO CENTRO**

O horario de apertura do centro, de luns a venres é ás 8:30 horas, podendo acceder soamente o profesorado ata as 8:50 horas que xa poderá acceder o alumnado. O horario de peche é ás 14:00 H.

Os martes o horario é de 16:00 H a 19:00 H no que se realizan as reunións dos equipos e as tutorías coas familias do alumnado

Os luns, mércores e xoves a biblioteca do centro permanecerá aberta de 16:00 horas a 17:30 horas.

### **3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS**

A oferta educativa do CEIP da Laxe contempla as ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria.

Nos cursos de primaria, de 1º EP a 6º EP na área de PLÁSTICA, contamos con **SECCIÓNS BILINGÜES** en todos os cursos, impartidos polas mestras de lingua inglesa e a auxiliar de conversa.

En 5º e 6º de EP somos centro **EDIXGAL**.

As aulas de educación infantil son mixtas, xa que é un dos nosos principios nesta etapa.

A área de influencia do CEIP da Laxe é: Avenida de Ourense dende Estribela ata a esquina do Concello, Rúa A Estrada ata o remate do IES Illa de Tambo, Rúa Inferniño, Camiño da Cortiña, Rúa da República Arxentina ata o inicio do Camiño do Canteiro baixando cara o norte.

O centro de educación secundaria ao que estamos adscritos é o IES MESTRE LANDÍN.

### **3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

O centro ofrece servizo de plan madrugada e comedor xestionado pola ANPA.

### **3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA**

O equipo docente, organizará a principio de curso as saídas didácticas de interese para cada trimestre, plasmando dita decisión na Programación Xeral Anual.

As familias asinarán, a principio de curso, a autorización pertinente para todas elas, sendo informados coa suficiente antelación das datas e custo para a realización de cada unha delas.

As actividades extraescolares están xestionadas pola directiva da ANPA. Durante o mes de setembro confeccionarán a listaxe de actividades a realizar durante o curso, que se dará a coñecer ás familias coa maior celeridade posible. As actividades comezarán no mes de outubro.

## **4. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO**

O Proxecto Educativo é un documento revisable a medio/longo prazo, as súas concrecións anuais efectivas serán na Programación Xeral Anual onde todos os equipos e partes implicadas establecerán os obxectivos e actuacións para o curso escolar. Informado e aprobado en Consello Escolar, posteriormente na Memoria Final, avaliarase o grado de consecución destas propostas. En base a esta avaliación o PE poderá ser modificado ou actualizado. O procedemento para a súa avaliación será a seguinte: 1. Traballo por etapas educativas e niveis.. 2. CCP. 3. Claustro. 4. Consello Escolar.

Avaliar periodicamente o Proxecto Educativo en todo o seu conxunto, é dicir, as liñas xerais e cada un dos documentos que o integran.

Avaliar coa finalidade de actualizar as propostas que precisan ser reconducidas, reflexionando conxuntamente sobre a necesidade de cambios que dean resposta as realidades que van evolucionando cos tempos.

Deseñar indicadores de observación para facer unha análise máis profunda da eficacia da aplicación dos distintos documentos.

## **5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA**

Os integrantes dos diferentes órganos figurarán actualizados nas Programacións Xerais Anuais, que anualmente elabore o centro.

### **5.1. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO**

#### **Órganos Unipersoais**

- Dirección
- Secretaria

A dirección asume as funcións da xefatura de estudos. En caso de ausencia da dirección exercerá as funcións a secretaria do centro.

#### **Órganos Colexiados**

- Claustro
- Consello Escolar
- Comisión de convivencia
- Comisión económica
- Comisión de biblioteca

#### **Órganos de coordinación docente**

- Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Departamento de Orientación
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares
- Equipo de dinamización da lingua galega
- Equipo de dinamización da biblioteca
- Equipo de dinamización das tecnoloxías da información e comunicación
- Equipos docentes primaria
- Equipos docentes infantil
- Equipo de ciclo en Educación Infantil

### **Persoal non docente**

Persoal servizos: conserxe

Persoal servizos: limpeza

Persoal laboral: coidadora

## **6. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PE**

O presente documento, así como todos os que figuran na táboa seguinte, deben ser revisados cada catro anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan. Así mesmo, todos os plans e programas anteriores deberanse concretar anualmente na Programación Xeral Anual

---

1

2

3

4

**Aumentou a  
participación  
das familias na  
vida do centro.**

**Mellorou o  
rendemento**

---





---

**académico do  
alumnado.**

**Mellorou a  
convivencia e  
participación  
nas actividades  
organizadas  
polo centro.**

**Leváronse a  
cabo as  
medidas  
previstas para  
acadar os  
obxectivos  
plantexados.**

**Fomentouse a  
participación  
da  
comunidade  
educativa.**

**Faise un  
seguimento  
continuo do  
cumprimento  
das indicacións  
feitas no PE e  
nos plans e  
proxectos.**

**Respéctase o**

---



indicado na  
concreción  
curricular á  
hora de  
elaborar as  
programacións  
de nivel e aula.

Logrouse unha  
coordinación  
efectiva entre  
os equipos,  
profesorado e  
os equipos  
docentes.

## 7. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	DATA APROBACIÓN	PRÓXIMA REVISIÓN
Proxecto Educativo		
Concreción curricular		
Plan de Orientación		
Plan Xeneral de Atención á Diversidade		
Plan de Acción Titorial (PAT)		

Proxecto Lingüístico		
Proxecto Lector		
Plan de integración das TIC- EDIXGAL		

Outra serie de documentos e plans son elaborados polo centro, que non forman parte do Proxecto Educativo, figuran publicados na web do centro, tras a súa aprobación polos órganos correspondente.

## **8. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO**

O presente Proxecto Educativo, cos documentos que os compoñen, antes referidos, serán publicados na web do centro para a súa difusión entre a comunidade educativa e o seu coñecemento público.